



INFORMACIÓN IMPORTANTE PARA OS CENTROS ESCOLARES SOBRE O REPARTO DE FROITAS FRESCAS E/OU LEITE LÍQUIDO DURANTE O CURSO ESCOLAR 2020/2021

Normas que ese centro escolar debe cumprir:

1. Destinar os produtos **exclusivamente ao alumnado** do centro escolar para o seu consumo dentro do centro.
2. Os produtos (froita fresca e/ou leite líquido) se distribuirán a todos os nenos participantes do programa.
3. Os produtos non poderán distribuírse no marco das comidas escolares, deberán ser repartidos ao alumnado **no horario de recreo**.
4. Deben manter os produtos en correctas condicións de conservación ata o momento da distribución.
5. De consumir **froitas con pel débense lavar** previamente ao seu consumo.
6. Os produtos se **consumirán no seu estado natural** e non se utilizarán na preparación de comidas.
7. Deben respectar o calendario fixado polo seu provedor. Calquera modificación da subministración a nivel de centro escolar (data de inicio e/ou período de repartición) debe ser autorizada previamente polo seu provedor.
8. O responsable do centro escolar debe asinar e poñer o selo do centro ao albará de entrega dos produtos que lle presente o provedor. Con esa sinatura dará a súa conformidade cos produtos e cantidades que recibiu.
9. O responsable do centro escolar debe cumprimentar, asinar e selar un certificado do número de alumnos/as matriculados ao comezo do curso escolar e o número de alumnos/as participantes na liña de axuda, coas cantidades efectivamente subministradas por nivel de ensino e produto subministrado. Ese certificado deberá entregarllo ao seu provedor cando llo solicite.
10. Deberá **colocar o cartel que lle faga chegar o provedor na entrada principal do centro**, nun lugar onde se poida ver e ler claramente.
11. Deben permitir calquera tipo de inspección relacionada con este programa.

Apelamos á súa responsabilidade para cumprir estas normas, pois calquera irregularidade cometida poderá dar lugar a que se lle denegue ou minore a axuda que recibirá o seu provedor, e a que o centro escolar non poida participar en futuras convocatorias deste programa.